

LEI 26/2006, DE 17 DE XULLO, DE MEDIACIÓN DE SEGUROS E REASEGUROS PRIVADOS

LEXISLACIÓN VIXENTE: LEI 20/2015, DE 14 DE XULLO, DE ORDENACIÓN, SUPERVISIÓN E SOLVENCIA DAS ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS E REAL DECRETO 1060/2015, DE 20 DE NOVEMBRO.

Artigo 8. Os **auxiliares externos** dos mediadores de seguros

1. Os mediadores de seguros poderán celebrar contratos mercantís con **auxiliares externos** que colaboren con eles na distribución de produtos de seguros actuando por conta dos ditos mediadores e poderán realizar traballos de captación da clientela, así como funcións auxiliares de tramitación administrativa, sen que as ditas operacións impliquen a asunción de obrigas.

Serán **auxiliares-asesores** aqueles **auxiliares externos** que, ademais das actividades mencionadas no parágrafo anterior, presten por conta do mediador con quen subscribise un contrato de **auxiliar-asesor** asistencia na xestión, execución e formalización dos contratos de seguro, ou en caso de sinistro. O **auxiliar-asesor** persoa física, polo menos a metade das persoas que integren o órgano de dirección dos **auxiliares-asesores** que sexan persoas xurídicas, e aqueles dos seus empregados que presten asistencia na xestión, execución e formalización dos contratos de seguro ou en caso de sinistro deberán acreditar estar en posesión dos coñecementos adecuados, e non incorrer en ningunha das incompatibilidades establecidas no apartado 5 deste artigo.

Os mediadores de seguros comprobarán con anterioridade á celebración do contrato co **auxiliar-asesor** o cumprimento dos requisitos establecidos no parágrafo anterior.

A DGSFP establecerá as liñas xerais e os principios básicos que haberán de cumprir os programas de formación dos **auxiliares-asesores** en canto ao seu contido, organización e execución.

2. Os **auxiliares externos** non terán a condición de mediadores de seguros, nin poderán asumir funcións reservadas por esta Lei aos referidos mediadores, e desenvolverán a súa actividade baixo a dirección, responsabilidade e réxime de capacidade financeira do mediador de seguros para o que actúen.

Os **auxiliares-asesores** deberán identificarse como tales e indicar tamén a identidade do mediador por conta do que actúen. En virtude do contrato mercantil con este, a información que deberán proporcionar ao tomador de seguros será toda ou parte da establecida no artigo 42, sen que en ningún caso o tomador deixe de recibir esa información completa.

3. Os mediadores de seguros levarán un libro rexistro no que anotarán os datos persoais identificativos dos **auxiliares externos**, con indicación da data de alta e, no seu caso, a de baixa, que quedará sometido ao control da DGSFP.

4. Os **auxiliares-asesores** inscribíranse no Rexistro administrativo de **auxiliares-asesores**. Faranse constar os datos identificativos, o número de rexistro, as datas de alta e de baixa e os mediadores a quen auxilia. No caso de persoas xurídicas, ademais indicaranse os nomes das persoas físicas que integren o órgano de administración.

Os datos contidos no Rexistro administrativo de **auxiliares-asesores** deberán estar actualizados e para a súa inscrición no rexistro previsto no art. 52 desta Lei serán remitidos telemáticamente á

Artigo 8. Os colaboradores externos dos mediadores de seguros:

1. Os mediadores de seguros poderán celebrar contratos mercantís con **colaboradores externos** que colaboren con eles na distribución de produtos de seguros actuando por conta de ditos mediadores **baixo a súa responsabilidade e dirección, nos termos que as partes acorden libremente.**

A DGSFP establecerá as liñas xerais e os principios básicos que haberán de cumprir os programas de formación dos **colaboradores** en canto ao seu contido, organización e execución.

2. Os **colaboradores externos** non terán a condición de mediadores de seguros, e desenvolverán a súa actividade baixo a dirección, responsabilidade e réxime de capacidade financeira do mediador de seguros para o que actúen.

Os **colaboradores** deberán identificarse como tales e indicar tamén a identidade do mediador por conta do que actúen. En virtude do contrato mercantil con este, a información que deberán proporcionar ao tomador de seguros será toda ou parte da establecida no artigo 42, sen que en ningún caso o tomador deixe de recibir esa información completa.

3. Os mediadores de seguros levarán un libro rexistro no que anotarán os datos persoais identificativos dos **colaboradores externos**, con indicación da data de alta e, no seu caso, a de baixa, que quedará sometido ao control da DGSFP.

4. Un **colaborador externo** dun mediador de seguros, persoa física ou xurídica, non poderá colaborar con outros mediadores de seguros de distinta clase á daquel que lle contratou en primeiro lugar. Ademais, se é **colaborador externo** dun axente exclusivo, só poderá colaborar con outros axentes exclusivos da mesma entidade aseguradora.

<p align="center">LEI 26/2006, DE 17 DE XULLO, DE MEDIACIÓN DE SEGUROS E REASEGUROS PRIVADOS</p>	<p align="center">LEXISLACIÓN VIXENTE: LEI 20/2015, DE 14 DE XULLO, DE ORDENACIÓN, SUPERVISIÓN E SOLVENCIA DAS ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS E REAL DECRETO 1060/2015, DE 20 DE NOVEMBRO.</p>
<p>DGSFP por cada entidade aseguradora en relación cos auxiliares-asesores dos seus axentes exclusivos, e por cada axente vinculado, e corredor de seguros en relación cos seus respectivamente. O auxiliar-asesor non poderá iniciar a súa actividade ata que a DGSFP o inscriba no devandito Rexistro. A DGSFP determinará o contido e forma en que deberá remitirse esta información.</p> <p>5. Un auxiliar externo dun mediador de seguros, persoa física ou xurídica, non poderá colaborar con outros mediadores de seguros de distinta clase á daquel que lle contratou en primeiro lugar. Ademais, se é auxiliar externo dun axente exclusivo, só poderá colaborar con outros axentes exclusivos da mesma entidade aseguradora.</p>	
<p align="center">RESUMO DOS CAMBIOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deixarán de denominarse auxiliares externos as persoas físicas ou xurídicas que celebren un contrato mercantil de colaboración con mediadores de seguros e pasarán a denominarse colaboradores externos.(*) • Desaparece a figura do auxiliar asesor do mediador. Esta modificación ten como consecuencia a desaparición do Rexistro de Auxiliares Asesores. A partir da entrada en vigor da disposición final décima da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de Ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, o 1 de xaneiro de 2016, suprimírase de oficio o Rexistro de auxiliares – asesores e causarán baixa, de oficio, os que figuran inscritos no mesmo. <p>(*)Este cambio de denominación afecta a varios artigos e disposicións da lei 26/2006. Polo tanto as referencias a “auxiliar externo”, “auxiliar asesor” ou “auxiliar” entenderanse realizadas ao “colaborador externo” nos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - artigos 10.4, 16.1, 17.2, 18, 19, 21.3.e), 23.2, 24, 25.1, e 25.4, 27.1.g), 30.2, 31.2.b), 53, 55.2.u), 62.1.d) e 62.2. - disposición adicional cuarta e undécima.1. 	

LEI 26/2006, DE 17 DE XULLO, DE MEDIACIÓN DE SEGUROS E REASEGUROS PRIVADOS

LEXISLACIÓN VIXENTE: LEI 20/2015, DE 14 DE XULLO, DE ORDENACIÓN, SUPERVISIÓN E SOLVENCIA DAS ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS E REAL DECRETO 1060/2015, DE 20 DE NOVEMBRO.

Artigo 21. Requisitos para exercer como axente de seguros vinculado

3. e) Os axentes de seguros vinculados **dispoñerán** dun programa de formación para os empregados e **auxiliares externos**.

Así mesmo, as entidades aseguradoras adoptarán as medidas necesarias para a formación dos seus axentes de seguros vinculados e das persoas que integren o órgano de dirección previsto no segundo parágrafo da letra b) deste apartado nos produtos de seguro mediados por estes.

A documentación correspondente aos programas de formación estará a disposición da DGSFP, que poderá requirir que se efectúen as modificacións que resulten necesarias.

A DGSFP establecerá as liñas xerais e os principios básicos que haberán de cumprir os programas de formación dos axentes de seguros vinculados en canto ao seu contido, organización e execución.

4. A solicitude de inscrición como axente de seguros vinculado dirixirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o anterior apartado 3. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución expresa da solicitude será de tres meses a partir da data de presentación da devandita solicitude. A inscrición especificará as entidades aseguradoras para as que o axente de seguros vinculado poderá realizar a actividade de mediación de seguros. **En ningún caso se producirá a inscrición en virtude de silencio administrativo**, e a solicitude de inscrición será denegada cando non se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Artigo 21. Requisitos para exercer como axente de seguros vinculado

3.e) Os axentes de seguros vinculados **comprometeranse** a dispoñer dun programa de formación para os empregados e **colaboradores externos**.

Así mesmo, as entidades aseguradoras adoptarán as medidas necesarias para a formación dos seus axentes de seguros vinculados e das persoas que integren o órgano de dirección previsto no segundo parágrafo da letra b) deste apartado nos produtos de seguro mediados por estes.

A documentación correspondente aos programas de formación estará a disposición da DGSFP, que poderá requirir que se efectúen as modificacións que resulten necesarias.

A DGSFP establecerá as liñas xerais e os principios básicos que haberán de cumprir os programas de formación dos axentes de seguros vinculados en canto ao seu contido, organización e execución.

4. A solicitude de inscrición como axente de seguros vinculado dirixirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o anterior apartado 3. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución expresa da solicitude será de tres meses a partir da data de presentación da devandita solicitude. A inscrición especificará as entidades aseguradoras para as que o axente de seguros vinculado poderá realizar a actividade de mediación de seguros. A solicitude de inscrición será denegada cando non se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para a súa concesión.

RESUMO DOS CAMBIOS:

- **Nas solicitudes de inscrición non será necesario aportar o programa de formación, será suficiente facer constar o compromiso de dispoñer do citado programa.**

<p style="text-align: center;">LEI 26/2006, DE 17 DE XULLO, DE MEDIACIÓN DE SEGUROS E REASEGUROS PRIVADOS</p>	<p style="text-align: center;">LEXISLACIÓN VIXENTE: LEI 20/2015, DE 14 DE XULLO, DE ORDENACIÓN, SUPERVISIÓN E SOLVENCIA DAS ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS E REAL DECRETO 1060/2015, DE 20 DE NOVEMBRO.</p>
<p>Artigo 27. Requisitos para exercer a actividade de corredor de seguros.</p> <p>1.c) Nas sociedades de corredoría de seguros, polo menos, a metade dos administradores deberán dispoñer de experiencia adecuada para exercer funcións de administración. A estes efectos, posúen experiencia quen desempeñase, durante un prazo non inferior a dous anos, funcións de administración, dirección, control e asesoramento en entidades públicas ou privadas de dimensión análoga ao proxecto empresarial para exercer a actividade de corredoría de seguros ou funcións de similar responsabilidade como empresario individual.</p> <p>1.g)</p> <p>Deberá, igualmente, incluir o programa de formación que se comprometa a aplicar a aquelas persoas que como empregados ou auxiliares externos daquel vaian asumir funcións que supoñan unha relación máis directa cos posibles tomadores do seguro e asegurados. A estes efectos, a DGSFP establecerá as liñas xerais e os principios básicos que deberán de cumprir os programas de formación dirixidos aos empregados e auxiliares externos dos corredores de seguros en canto ao seu contido, organización e execución.</p>	<p>Artigo 27. Requisitos para exercer a actividade de corredor de seguros.</p> <p>1.c) Nas sociedades de corredoría de seguros, polo menos, a metade dos administradores deberán dispoñer de experiencia adecuada para exercer funcións de administración.</p> <p>1.g) Presentar un programa de actividades no que se deberán indicar, polo menos, os ramos de seguro e a clase de riscos en que se proxecte mediar, os principios reitores e ámbito territorial da súa actuación; a estrutura da organización, que inclúa os sistemas de comercialización, os medios persoais e materiais dos que se vaia a dispoñer para o cumprimento do devandito programa e os mecanismos adoptados para a solución de conflitos por queixas e reclamacións da clientela. Ademais, para os tres primeiros exercicios sociais, deberá conter un plan no que se indiquen de forma detallada as previsións de ingresos e gastos, en particular os gastos xerais correntes, e as previsións relativas a primas de seguro que se van a intermediar, coa xustificación das previsións que prevexa e da adecuación a estas dos medios e recursos dispoñibles.</p> <p>Deberá, igualmente, incluir un compromiso de dispoñer dun programa de formación para aquelas persoas que como empregados ou colaboradores externos daquel vaian asumir funcións que supoñan unha relación máis directa cos posibles tomadores do seguro e asegurados. A estes efectos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá as liñas xerais e os principios básicos que deberán de cumprir os programas de formación dirixidos aos empregados e colaboradores externos dos corredores de seguros en canto ao seu contido, organización e execución.</p>
<p style="text-align: center;">RESUMO DOS CAMBIOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Na solicitude de inscrición de sociedades de corredoría elimínase o requisito de 2 anos de experiencia para exercer funcións de administración. Unicamente se require experiencia adecuada. • Non é necesario aportar o programa de formación xunto coa solicitude, será suficiente facer constar o compromiso de dispoñer do citado programa. 	

<p align="center">LEI 26/2006, DE 17 DE XULLO, DE MEDIACIÓN DE SEGUROS E REASEGUROS PRIVADOS</p>	<p align="center">LEXISLACIÓN VIXENTE: LEI 20/2015, DE 14 DE XULLO, DE ORDENACIÓN, SUPERVISIÓN E SOLVENCIA DAS ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS E REAL DECRETO 1060/2015, DE 20 DE NOVEMBRO.</p>
<p align="center"><u>Artigo 28.</u> Vínculos estreitos e réxime de participacións significativas</p> <p>2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dispoñerá dun prazo de tres meses, a partir da presentación da información, para opoñerse á adquisición da participación significativa ou de cada un dos seus incrementos que igualem ou superen os límites do 20 por 100, 30 por 100 ou 50 por 100 e tamén cando en virtude da adquisición se puidese chegar a controlar a sociedade de corredoría. A oposición deberá fundarse en que quen pretenda adquirila non sexa idóneo para garantir unha xestión sa e prudente da sociedade. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non se pronunciase no prazo de tres meses, poderá procederse á adquisición ou incremento de participación. Se dita Dirección Xeral expresa a súa conformidade á adquisición ou incremento de participación significativa, poderá fixar un prazo máximo distinto ao comunicado para efectuar a adquisición.</p>	<p align="center"><u>Artigo 28.</u> Vínculos estreitos e réxime de participacións significativas</p> <p>2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dispoñerá dun prazo de tres meses, a partir da presentación da información, para opoñerse á adquisición da participación significativa ou de cada un dos seus incrementos que igualem ou superen os límites do 20 por cento, 30 por cento ou 50 por cento e tamén cando en virtude da adquisición se puidese chegar a controlar a sociedade de corredoría. A oposición deberá fundarse en que quen pretenda adquirila non reúne os requisitos de honorabilidade comercial e profesional nos termos definidos nesta Lei ou incorre nalgunha das prohibicións desta Lei. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non se pronunciase no prazo de tres meses, poderá procederse á adquisición ou incremento de participación. Se dita Dirección Xeral expresa a súa conformidade á adquisición ou incremento de participación significativa, poderá fixar un prazo máximo distinto ao comunicado para efectuar a adquisición.</p>
<p align="center">RESUMO DOS CAMBIOS:</p> <p>Na documentación a remitir aos efectos da emisión da resolución de non oposición previa á adquisición de participacións significativas, substitúese a declaración de idoneidade pola de cumprimento dos requisitos de honorabilidade comercial e profesional nos termos do artigo 10.1 da lei 26/2006.</p>	
<p align="center"><u>Artigo 39.</u> Requisitos e organización</p> <p>2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá os requisitos e os principios básicos que haberán de cumprir os cursos de formación en materias financeiras e de seguros privados en canto ao seu contido, organización e execución, que deberán ser programados en función da titulación e dos coñecementos previos acreditados polos asistentes. As organizacións máis representativas dos mediadores de seguros e das entidades aseguradoras, así como as institucións universitarias públicas ou privadas que pretendan realizar os cursos a que se refire o apartado anterior, deberán solicitalo previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Ditas organizacións emitirán as certificacións que acrediten a superación dos cursos.</p> <p>4. O disposto no apartado anterior, no ámbito de competencia das Comunidades Autónomas, levarase a cabo conforme estas establezan.</p>	<p align="center"><u>Artigo 39.</u> Requisitos e organización</p> <p>2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá os requisitos e os principios básicos que haberán de cumprir os cursos de formación en materias financeiras e de seguros privados en canto ao seu contido, organización e execución, que deberán ser programados en función da titulación e dos coñecementos previos acreditados polos asistentes.</p> <p>As persoas físicas ou xurídicas que pretendan organizar os cursos a que se refire o apartado anterior, deberán solicitalo previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Regulamentariamente desenvolveranse os requisitos para a autorización á organización dos cursos de formación. Os organizadores dos cursos emitirán as certificacións que acrediten a superación dos mesmos.</p> <p>4. A autorización concedida aos centros de formación por calquera autoridade competente terá eficacia nacional. O titular da autorización comunicará á autoridade competente da súa Comunidade Autónoma ou á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, segundo corresponda, a apertura de novos centros de formación</p>
<p align="center">RESUMO DOS CAMBIOS:</p> <p>Os cursos de formación en materias financeiras e de seguros privados poderán ser organizados por persoas físicas ou xurídicas previa autorización.</p>	

<p style="text-align: center;">LEI 26/2006, DE 17 DE XULLO, DE MEDIACIÓN DE SEGUROS E REASEGUROS PRIVADOS</p>	<p style="text-align: center;">LEXISLACIÓN VIXENTE: LEI 20/2015, DE 14 DE XULLO, DE ORDENACIÓN, SUPERVISIÓN E SOLVENCIA DAS ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS E REAL DECRETO 1060/2015, DE 20 DE NOVEMBRO.</p>
<p>Artigo 42. Información que deberá proporcionar o mediador de seguros antes da celebración dun contrato de seguro.</p> <p>4. O asesoramento de acordo coa obriga de levar a cabo unha análise obxectiva a que están obrigados os corredores de seguros facilitarase sobre a base da análise dun número suficiente de contratos de seguro ofrecidos no mercado nos riscos obxecto de cobertura, de modo que poida formular unha recomendación, aténdose a criterios profesionais, respecto do contrato de seguro que sería adecuado ás necesidades do cliente.</p> <p>En todo caso, presumirase que existiu análise obxectiva dun número suficiente de contratos de seguro en calquera dos seguintes casos:</p> <p>a) Cando se analizaron polo corredor de seguros de modo xeneralizado contratos de seguro ofrecidos por polo menos tres entidades aseguradoras que operen no mercado nos riscos obxecto de cobertura.</p> <p>b) Cando se deseñase especificamente o seguro polo corredor de seguros e se negociase a súa contratación con, polo menos, tres entidades aseguradoras que operen no mercado nos riscos obxecto de cobertura para ofrecelo en exclusiva ao seu cliente en función das características ou necesidades xerais deste, fundado no criterio profesional do corredor de seguros.</p>	<p>Artigo 42. Información que deberá proporcionar o mediador de seguros antes da celebración dun contrato de seguro.</p> <p>4. O asesoramento de acordo coa obriga de levar a cabo unha análise obxectiva a que están obrigados os corredores de seguros facilitarase sobre a base da análise dun número suficiente de contratos de seguro ofrecidos no mercado nos riscos obxecto de cobertura, de modo que poida formular unha recomendación, aténdose a criterios profesionais, respecto do contrato de seguro que sería adecuado ás necesidades do cliente.</p>
<p>RESUMO DOS CAMBIOS:</p> <p>Elimínase a obriga de analizar contratos de seguros ofrecidos, polo menos, por 3 entidades aseguradoras para acreditar que se levou a cabo unha análise obxectiva e substitúese por un <u>número suficiente de contratos</u> nos riscos obxecto de cobertura.</p>	
<p style="text-align: center;">Artigo 52. Inscripción</p> <p>1. A DGSFP levará o Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, no que deberán inscribirse, con carácter previo ao comezo das súas actividades, os mediadores de seguros, os seus auxiliares-asesores e os corredores de reaseguros residentes ou domiciliados en España sometidos a esta Lei. No caso das persoas xurídicas, ademais, inscribirase aos administradores e ás persoas que formen parte da dirección, responsables das actividades de mediación.</p> <p>Tamén se tomará razón dos mediadores de seguros e de reaseguros domiciliados noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo que actúen en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.</p> <p>No devandito Rexistro tomarase razón igualmente dos contratos de distribución a que se refire o</p>	<p style="text-align: center;">Artigo 52. Inscripción</p> <p>1. A DGSFP levará o Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, no que deberán inscribirse, con carácter previo ao comezo das súas actividades, os mediadores de seguros e os corredores de reaseguros residentes ou domiciliados en España sometidos a esta Lei. No caso das persoas xurídicas, ademais, inscribirase aos administradores e ás persoas que formen parte da dirección, responsables das actividades de mediación.</p> <p>Tamén se tomará razón dos mediadores de seguros e de reaseguros domiciliados noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo que actúen en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.</p> <p>No devandito rexistro tomarase razón igualmente dos contratos de distribución a que se refire o artigo 4.1 desta Lei.</p>

<p align="center">LEI 26/2006, DE 17 DE XULLO, DE MEDIACIÓN DE SEGUROS E REASEGUROS PRIVADOS</p>	<p align="center">LEXISLACIÓN VIXENTE: LEI 20/2015, DE 14 DE XULLO, DE ORDENACIÓN, SUPERVISIÓN E SOLVENCIA DAS ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS E REAL DECRETO 1060/2015, DE 20 DE NOVEMBRO.</p>
<p>art. 4.1 desta Lei. Este Rexistro administrativo expresará as circunstancias que regulamentariamente se determinen e o acceso ao seu contido será xeral e gratuito.</p>	<p>Este rexistro administrativo expresará as circunstancias que regulamentariamente se determinen e o acceso ao seu contido será xeral e gratuito.</p>
<p align="center">RESUMO DOS CAMBIOS: Desaparece a figura dos auxiliares asesores e, polo tanto, o Rexistro administrativo de auxiliares – asesores.</p>	
<p><u>Disposición Adicional Cuarta.</u> Taxa por inscrición de mediadores de seguros e corredores de reaseguros no Rexistro da DGSFP</p> <p>1. Constitúe o feito imponible da taxa:</p> <p> a)A inscrición no rexistro administrativocomo corredores de seguros, como os seus auxiliares asesores ou como corredores de reaseguros.</p>	<p><u>Disposición Adicional Cuarta.</u> Taxa por inscrición de mediadores de seguros e corredores de reaseguros no Rexistro da DGSFP</p> <p>1. Constitúe o feito imponible da taxa:</p> <p> a)A inscrición no rexistro administrativocomo corredores de seguros ou como corredores de reaseguros.</p>
<p align="center">RESUMO DOS CAMBIOS: Na letra a) do apartado 1 suprímese a referencia “a como os seus auxiliares asesores”</p>	